



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial dun/dunha profesor/a, especialidade de Pedagogía/linguaxe musical, para o Conservatorio Profesional de Música de Carballo (CMUS).

ANUNCIO

Convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial dun/dunha profesor/a, especialidade de Pedagogía/linguaxe musical, para o Conservatorio Profesional de Música de Carballo e creación dunha bolsa de coberturas temporais para prazas da mesma disciplina musical (2022/E001/000002).

Por resolución da Alcaldía núm. 2622/2022, do 5 de setembro, aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación de duración determinada a tempo parcial dun/dunha profesor/a, especialidade de Pedagogía/linguaxe musical, para o Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

De conformidade co disposto na base terceira das bases reguladoras desta convocatoria o prazo de presentación de instancias é de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia

BASES DO PROCESO SELECTIVO A PARA A CONTRATACIÓN DE DURACIÓN DETERMINADA A TEMPO PARCIAL DUN/DUNHA PROFESOR/A, ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA/LINGUAXE MUSICAL, PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA DE CARBALLO E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE COBERTURAS TEMPORAIS PARA PRAZAS DA MESMA DISCIPLINA MUSICAL (2022/E001/000002).

PRIMEIRA.- OBXECTO

1.1.- O obxecto desta convocatoria é a contratación de duración determinada a tempo parcial, dunha praza de profesor/a de Pedagogía/Linguaxe musical para impartir clases no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

O procedemento de selección que se sinala nestas bases axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación.

1.2.- A modalidade contractual será a de un contrato de duración determinada por interinidade a tempo parcial, prevista no R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, e a súa duración será desde a súa sinatura ata a creación da praza e cobertura do posto de traballo con carácter definitivo polo procedemento regulamentariamente establecido, ou ben cando a Administración considere que xa non existen as razóns que motivaron a cobertura interina.

As retribucións mensuais serán as previstas no Orzamento Xeral desta Corporación para 2022 e exercicios sucesivos en relación coa devandita praza.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e as instrucións ditadas polo/a concelleiro/a delegado/a.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización do contrato:

- **Nacionalidade.** Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- **Idade:** Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- **Capacidade funcional:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato.

- **Habilitación:** Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica de Protección Xurídica do menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

- **Compatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- **Titulación:** Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:
 - (a) Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou equivalente, na especialidade de Pedagogía/Linguaxe musical.
 - (b) Título superior de música establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou equivalente, na especialidade de Pedagogía/Linguaxe musical.
 - (c) Título de profesor de música, graos superior ou medio, do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música, na especialidade de Pedagogía/Linguaxe musical.
 - (d) Título de profesor ou título profesional de música do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942, na especialidade de Pedagogía/Linguaxe musical.

Este requisito deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou outros superiores.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da Credencial que acredite a súa homologación.

Tódolos requisitos esixidos nestas Bases deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización do contrato.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

3.1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 3º desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias, segundo o modelo-tipo que figura como Anexo III destas bases.

As citadas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo durante o prazo de cinco días hábiles, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A convocatoria tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo por e-mail (xestiondepersoal@carballo.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

3.2.- As solicitudes para participar neste proceso irán acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

- a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de trinta e seis euros (36,00 €) en concepto de dereitos de exame. Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta), número de conta de ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 ou número de conta de CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249.

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

- b) Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

- c) Fotocopia da titulación esixida para presentarse ao proceso conforme ao disposto na base segunda, letra f) desta convocatoria.

d) Declaración responsable de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

e) Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación no concurso, que se acompañará da documentación acreditativa destes.

3.3.- Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

3.4.- Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de tres días hábiles seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 69 da Lei 39/2015.

4.2.- Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

4.3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

5.1. A Comisión de Avaliación será designada por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

5.2. Os membros da Comisión de Avaliación deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (de réxime xurídico do Sector Público), notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

5.3. A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

5.4. A Comisión queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Sistema de provisión: concurso oposición libre.

6.1.- FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente xunto coa solicitude de participación coa presentación dos documentos xustificativos daqueles, valorándose de acordo có baremo que se achega como Anexo I destas bases.

Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificados con posterioridade, sempre que esta xustificación posterior se presente no Rexistro deste Concello con anterioridade á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as ou excluídos/as.

Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado.

6.2.- FASE DE OPOSICIÓN

Desenvolvemento das probas.

Os/as aspirantes convocaranse para os exercicios en chamamento único, sendo excluído/as do proceso selectivo aqueles/as que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "T", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 28 de xaneiro de 2022, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 26/02/2022 (DOG nº 24 do 04/02/2022), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

A oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios, obrigatorios e non eliminatorios, e nela poderase obter unha puntuación máxima de 60 puntos.

Primeira proba: A proba práctica constará de catro partes:

1. Entoación dunha melodía de entre tres propostas polo tribunal, que serán confeccionadas polos seus membros exclusivamente para o procedemento selectivo. As propostas axustaranse á forma das leccións habituais na materia de Linguaxe Musical e terán unha extensión de entre 16 e 24 compases. O/a opositor/a elixirá unha das propostas que deberá interpretar, repentinando o seu acompañamento ao piano. Valorarase a afinación, o control na emisión vocal, o empaste voz acompañamento e a coherencia musical entre o acompañamento e a voz. Para a preparación desta parte disporase dun total de quince minutos.

2. Transposición dese mesmo acompañamento pianístico á distancia interválica que determine o tribunal. Para a preparación do exercicio disporase dun tempo máximo de quince minutos. Valorarase o axuste na transposición e a fluidez na interpretación

3. Realización dun ditado musical a tres voces confeccionado polo tribunal expresamente para o procedemento selectivo. Valorarase o axuste na resposta ao fragmento musical ditado.

4. Composición e interpretación dunha lección con acompañamento de piano, sobre un tema proposto polo tribunal. O tempo de preparación da dita lección terá unha duración de cinco horas. O tribunal determinará a distribución das sesións en que se celebrará a parte práctica.

Puntuarase ata un máximo de 15 puntos cada parte.

Segunda proba: de avaliación do coñecemento da lingua galega, unicamente obrigatorio para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a base 2.f (CELGA 4 ou equivalente).

Esta proba cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 45 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo. Deseguido cada aspirante realizará unha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de "apto/a", e quedan eliminados/as do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación.

Estas probas serán acordes ás características funcionais da vacante convocada, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 4.

6.3.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A cualificación de cada exercicio farase pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e de forma complementaria na web municipal. Os/as aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días naturais para formular reclamacións/alegacións

ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo Tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web municipais.

A puntuación e a orde de cualificación definitiva dos aspirantes virán determinadas pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición, á que se engadirá a puntuación obtida na fase de concurso.

En caso de empate prevalecerá a puntuación obtida na fase de oposición, e, de persistir o empate, pola puntuación obtida no segundo, terceiro e primeiro exercicio da oposición, sucesivamente e por esta orde.

En defecto do criterio expresado no parágrafo anterior, en caso de persistir o empate, e para dirimir este, resolverase pola puntuación parcial obtida no concurso en cada un dos apartados de méritos detallados no Anexo I desta convocatoria e pola orde en que relacionan no mesmo, comezando polo apartado I) e así sucesivamente, ata resolver o desempate.

Finalizada o proceso selectivo, o Tribunal publicará, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal, a relación de aprobados por orde de puntuación e elevará dita relación, xunto coa acta da última sesión e a proposta de contratación, que terá carácter vinculante, á Presidencia da Corporación para proceder á formalización do contrato.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas, polo que se declarará aprobado/a ao aspirante que obtivera a maior puntuación.

SÉTIMA.- CREACIÓNS DA LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN.

O tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal a relación de todas as persoas aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo, ordenados por orde descendente e que conformarán a listaxe de substitucións a crear ao abeiro desta convocatoria.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais, será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

A vixencia desta listaxe será ata que a Corporación a derogue expresamente ou confeccione outra distinta e indique a derogación da que se deriva destas bases.

O sistema de funcionamento da listaxe regularase pola resolución aprobatoria da mesma.

O persoal temporal incorporado ao abeiro da listaxe derivada desta convocatoria, previa acreditación e cumprimento dos requisitos esixidos ao efecto, será contratado segundo a modalidade adecuada ás causas/circunstancias que tiveran motivado a dita contratación, consonte ao disposto ao efecto na normativa laboral vixente á data da contratación.

Desenvolvemento dos chamamentos.

A contratación dos/as aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O empregado público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novas contratacións. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien ao desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

Causas de exclusión/ rexeitamento xustificadas

Serán causas/situacións de rexeitamento xustificadas as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.

- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.

- Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público, ou ter sido seleccionado/nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación

- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación

- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

8.1.- O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días naturais (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que compren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo. Así mesmo presentará, cando sexa requirido/a, a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

8.2.- Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica de Protección Xurídica do menor a persoa seleccionada deberá acreditar o cumprimento do requisito á que se refire a base segunda, letra d) de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delicto contra a liberdade e indemnidade sexual mediante certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes sexuais, ou, no seu defecto, autorizar ao concello de Carballo para que realice os trámites precisos a través da Plataforma de Intermediación de Datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para obter a dita certificación no seu nome.

8.3.- Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

9.1.- Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do/a aspirante proposto/a polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura do contrato, a/o aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

9.2.- A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO

Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3ª, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no Taboleiro de Edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

Protección datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso -administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso -administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

ANEXO I. BAREMO PARA O CONCURSO DE MÉRITOS

APARTADO I) Experiencia laboral

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 21 puntos.

- Polos servizos prestados en conservatorios de música de grao medio como profesor/a de Pedagogía/Linguaxe musical: 0,30 puntos por mes.
- Polos servizos prestados en conservatorios superiores de música como profesor/a de Pedagogía/Linguaxe musical: 0,20 puntos por mes.

Para estes efectos non se computarán os servizos que prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

A experiencia profesional acredítase de acordo co seguinte detalle:

a) Traballadores asalariados ou por conta allea: Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos, onde se especifique a categoría profesional (con indicación da disciplina musical) e o tempo traballado.

b) Traballadores autónomos ou por conta propia: Informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida. Así mesmo, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na Seguridade Social coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito.

APARTADO II) Titulacións académicas

- Titulacións de grao superior en estudos musicais noutros instrumentos e/ou especialidades distintas á de Pedagogía/Linguaxe musical, que habiliten para a súa docencia en Conservatorios Profesionais de Música: 2,00 puntos por titulación.
- Titulacións de grao medio en estudos musicais noutros instrumentos e/ou especialidades distintas á de Pedagogía/Linguaxe musical: 1,00 punto por titulación.
- Pola realización dun mestrado ou doutorado na especialidade de Pedagogía/Linguaxe musical, 1,00 punto por cada mestrado ou doutorado.

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá exceder de 8 puntos.

Os méritos alegados neste apartado xustificaranse con copia do título que se presente para a súa valoración.

APARTADO III) Formación específica. Cursos de formación e perfeccionamento.

3.1.- Pola participación, como asistente ou docente, en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais da administración pública e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua, relacionados coa especialidade de Pedagogía/Linguaxe musical, ou coas novas tecnoloxías aplicadas á educación, a didáctica, a psicopedagogía e a socioloxía da educación, computándose 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

3.2.- Por estar en posesión do Mestrado Universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de profesor de Educación secundaria obrigatoria e Bacharelato, Formación profesional e as ensinanzas de réxime especial ou en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica ou o Certificado de Cualificación Pedagóxica: 1 punto.

A puntuación máxima acumulada non poderá exceder de 8 puntos.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles “cursos” cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

Os cursos de idiomas serán puntuados segundo o previsto no apartado VI).

APARTADO IV) Coñecemento da lingua galega.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose unicamente o grao superior alegado, e concedéndose validez soamente ós cursos ou titulacións homologadas oficialmente.

- Celga 1:..... 0,25 puntos
- Celga 2:..... 0,50 puntos
- Celga 3 ou Grao de iniciación 0,75 puntos
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento 1,00 punto.

APARTADO V) Coñecemento doutros idiomas.

Polo coñecemento acreditado, coa presentación de certificados acreditativos, dos idiomas francés, alemán, inglés e italiano, ata un máximo de 2 puntos.

- a) Nivel B1 (intermedio) Marco Común Europeo de Referencia: 0,50
- b) Nivel B2 (avanzado) Marco Común Europeo de Referencia: 1,00
- c) Nivel C1 Marco Común Europeo de Referencia: 1,50
- d) Nivel C2 Marco Común Europeo de Referencia: 2,00

ANEXO II. TEMARIO

Tema 1. A linguaxe musical: Evolución histórica. Os grandes pedagogos: análise das súas bibliografías relacionadas coa linguaxe musical. Métodos e sistemas actuais de pedagogía musical. A investigación musical: ferramentas cuantitativas e cualitativas actuais.

Tema 2. A lectura musical: Evolución, lectura horizontal e vertical, a lectura interválica sen clave, lectura a primeira vista e lectura articulada. Importancia da escritura musical: escritura melódica e escritura harmónica. As grafías non convencionais na lectura e escritura musical.

Tema 3. A voz e a súa fisioloxía. Respiración, relaxación e vocalización tanto na voz falada como na voz cantada. Clasificación e extensión das voces. A voz na infancia e na adolescencia. Características específicas e a súa problemática. Coidado da voz e influencias das alteracións físicas e psíquicas nela. A voz do profesor de linguaxe musical: coidado e mantemento.

Tema 4. Entoación, afinación e empaste. A entoación imitada e a entoación consciente. A articulación e o fraseo. Importancia da entoación acompañada e da entoación a capela. A interválica pura e a súa aplicación a obras post-tonais ou atonais.

Tema 5. Influencia da canción popular e a canción de autor no proceso educativo musical. O canon como recurso didáctico para a iniciación coral. Criterios didácticos para a selección de repertorio vocal monódico e polifónico.

Tema 6. Anatomía e fisioloxía do oído. Psicoloxía da audición: desenvolvemento cognitivo, motivación. Tipos de audición. A audición nas metodoloxías musicais do século XX.

Tema 7. A audición comprensiva. Didáctica da audición: técnicas e recursos utilizados para a audición de elementos rítmicos, melódicos, moduladores, cadensiosos, formais, tímbricos, estilísticos e outros.

Tema 8. O fenómeno físico harmónico. Calidades do son. O movemento ondulatorio. Fundamentos dos sistemas de afinación. Serie harmónica. As proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Índices acústicos. A serie de Fourier.

Tema 9. Organoloxía: clasificación dos instrumentos musicais. Os instrumentos na aula de linguaxe musical. O corpo como instrumento. Os instrumentos transpositores, electrónicos, a síntese e a manipulación artificial do son.

Tema 10. O tempo musical. A determinación do tempo antes da súa expresión en termos. Os termos relativos e absolutos alusivos ao tempo. A agóxica.

Tema 11. Evolución do ritmo desde as súas orixes até o século XX: métrica literaria, pés métricos e modos rítmicos. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Orixe e evolución dos compases. A importancia do silencio.

Tema 12. O ritmo: a súa traxectoria e evolución a partir do século XX. A equivalencia e a súa implicación na rítmica. Valoración especial e grupos rítmicos irregulares. Polimetrías e polirritmias. Modificación da acentuación métrica. Música sen compás. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 13. A modalidade: evolución histórica. Evolución desde a tonalidade até a disolución tonal. Tipos de escalas ao longo da historia. O intervalo: consonancia e disonancia. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical

Tema 14. A monodía e a melodía. Simultaneidade de liñas melódicas. Do sentimento harmónico á harmonía sistematizada. A importancia da melodía na linguaxe musical. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Os acordes: orixe, tipoloxías e funcionalidade. As cadencias: orixe, tipoloxías e funcionalidade.

Tema 15. A modulación: desenvolvemento histórico, tipos e procedementos. Función expresiva da modulación. Importancia da modulación na linguaxe musical.

Tema 16. A forma: evolución histórica e estruturas formais na música vocal e instrumental até o século XX. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 17. Pluralidade de formas e estilos na música contemporánea. Procedementos xeradores da forma. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 18. A notación musical: evolución histórica desde os pneumas ás notacións actuais. A expresión musical: signos ou termos de uso habitual, tanto tradicionais como non convencionais que afectan á interpretación.

Tema 19. A transcripción: Conceptos xerais e criterios sobre a interpretación de transcripcións. Aplicación didáctica da transcripción na aula de linguaxe musical.

Tema 20. A ornamentación: orixe, evolución e escolas. A súa interpretación tendo en conta o autor e a época. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 21. O transporte: orixe, función, tipos, técnicas e aplicacións na práctica musical. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 22. Análise musical e sociolóxica do jazz, do flamenco e doutras músicas populares. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 23. As artes escénicas: música, danza e arte dramática. Interrelación da linguaxe musical coas outras materias do currículo de danza e de arte dramática. A relación do profesorado de linguaxe musical coas artes escénicas. O uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Tema 24. A música nos distintos niveis do currículo de danza. A relación da linguaxe musical coa danza. O corpo e o movemento como medios de expresión musical: o corpo como instrumento. O uso da danza con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Tema 25. A música nos distintos niveis do currículo de arte dramática. A relación da linguaxe musical coa arte dramática. A mímica e o xesto como medios expresivos de comunicación. O uso da arte dramática con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

Tema 26. A creatividade e o seu desenvolvemento. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, intelixencia musical e personalidade artística. O desenvolvemento do espírito emprendedor: calidades, habilidades, actitudes e valores que engloba o espírito emprendedor.

Tema 27. Métodos de traballo e desenvolvemento da autonomía no estudo. O desenvolvemento da capacidade do alumnado para que atope solucións propias das dificultades do texto musical. Estratexias adecuadas.

Tema 28. A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo. Memoria sensorial. Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman a linguaxe musical. Técnicas de memorización.

Tema 29. Interdisciplinabilidade nos estudos da linguaxe musical. A relación que conforman entre si as diferentes materias do currículo.

Tema 30. A música como patrimonio histórico-artístico cultural. A relación da música coas correntes estéticas e coas demais artes. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.

Tema 31. As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao ensino e á aprendizaxe da linguaxe musical. Importancia da utilización de software musical e da selección dos recursos de Internet.

ANEXO III.- MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

“Sr. Alcalde Concello de Carballo

D./D.^a _____, de _____ anos,
 con DNI _____ e domicilio en _____,
 n.º _____, piso _____ C.P. _____, da localidade _____,
 con teléfono _____, e correo electrónico _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no **PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE DURACIÓN DETERMINADA A TEMPO PARCIAL DUN/DUNHA PROFESOR/A, ESPECIALIDADE DE LINGUAXE MUSICAL/PEDAGOXIA, PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA DE CARBALLO E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE COBERTURAS TEMPORAIS PARA PRAZAS DA MESMA DISCIPLINA MUSICAL** .

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base cuarta das bases específicas reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.
- Copia do título (ou certificado acreditativo equivalente) acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto nas bases reguladoras.
- Copia dos méritos acreditativos da experiencia laboral na fase de concurso.
 - Si _____
 - Non _____
- Copia de documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 (ou equivalentes), segundo o disposto, ao efecto, no apartado f) da base cuarta das bases reguladoras
 - Si _____
 - Non _____
- Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación/documentación acreditativa de dita condición, e da súa compatibilidade coa funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, no apartado 2.d) da base quinta das bases reguladoras.
 - Si _____
 - Non _____

E solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo

- Si _____

(achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas)

- Non _____

Carballo, a de de 2022

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO”

En Carballo, 5 de setembro de 2022

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2022/5538